

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9/11/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez
TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Licencias Urbanísticas.
- 3º.- Expediente “Obra Saneamento Castro PAS 2015”.-
- 4º.- Expediente “Obra Parque Municipal San Roque PAS 2015”.-
- 5º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:00 horas do día 9/11/2016 reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, ós fins de celebrar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 27 de Outubro de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

- 2º.- Actos sobre o Uso do Solo.

LICENZAS DE EDIFICACIÓN

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A M. D. L. e M. C. M. S., con NIF 79.329.505-K e 46.919.686-P respectivamente domiciliados en Santiago de Compostela, para

proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar de planta baixa e piso a emprazar nunha parcela sita na localidade de Ermedesuxo de Arriba do Termo Municipal de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado polo Arquitecto, Raimundo Ferreirós Ferro de data Setembro de 2016 que consta no expediente; condicionada a:

- Formalizar á cesión de terreos mediante documento público notarial en favor do Concello nunha superficie de 121,92 m² coa finalidade de regularización da vía a que da fronte a parcela.
- Para o inicio das obras darase cumprimento ó disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edifícios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder inicialas, tendo o que inscribir o edificio no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

O inicio das mesmas deberá comunicarse ao Concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- O vertido da fosa séptica quedará supeditada á correspondente autorización do organismo de conca tal e como preceptúa o Texto Refundido da Lei de Augas aprobado polo Real Decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado polo Real Decreto 849/1986, de 11 de abril.
- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.
- O terreo comprendido entre a liña de cesión e a vía debe quedar explanado completamente á cota da mesma.
- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.
- Deberá adxuntarse ó nomeamento do Director de obra cando se presente para a autorización o proxecto de execución así como do Coordinador de Seguridade e Saúde; cando na execución da obra interveña mais dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos, os promotores, antes do inicio dos traballos ou tan pronto

como se constate dita circunstancia, designarán este coordinador de seguridade e saúde durante a execución das obras.

- En aplicación do artigo 17 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia (Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro) dispórase xunto á obra un cartel indicador de dimensións 0,50x0,50 m. Na esquina esquerda figurará o escudo municipal e a continuación leerase “CONCELLO DE FISTERRA” e debaixo desta lenda “LICENZAS URBANISTICAS”. Baixo de encabezado figurarán os seguintes datos:

- o EXPEDIENTE: 22/2016
- o CLASIFICACIÓN DO SOLO:
- o ORDENANZA:
- o USO:
- o NÚMERO DE PRANTAS:
- o CONCESIÓN:
- o ÓRGANO:
- o PRAZO DE EXECUCIÓN:
- o DIRECTOR DE OBRA:
- o DIRECTOR DE EXECUCIÓN:
- o CONTRATISTA:

O prazo de remate das obras non poderá exceder de tres anos, nin poderán interromperse as obras por un prazo superior de seis meses, comezándose a computar a partir do día seguinte ó de recibo desta notificación.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

- Tres mil douscentos sete euros co trinta e un céntimos (3.207,31 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuado polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que ascende a 145.786,87 €.--

- Catrocentos trinta e sete euros con trinta e seis céntimos (437,36 €) en concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos.-

A J.M.C.D, con NIF 79.330.346-B, veciño de Fisterra, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar de planta baixa e piso a emprazar nunha parcela sita na localidade de Ermedesuxo de Abaixo deste Termo Municipal, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado a tal efecto polo Arquitecto Manuel Ángel Marcote Escariz de data Marzo de 2016, Anexo e correccións do Proxecto redactado de data Setembro de 2016, que constan no expediente; condicionada a que:

- Para o inicio das obras darase cumprimento ó disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a

organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder inicialas, tendo o que inscribir o edificio no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

O inicio das mesmas deberá comunicarse ao Concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.

- O terreo comprendido entre a liña de cesión e a vía debe quedar explanado completamente á cota da mesma.

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.

- Director de obra: debe xuntarse o seu nomeamento cando se presente para a autorización o proxecto de execución.

- Director de execución das obras: debe xuntarse o seu nomeamento cando se presente para a autorización o proxecto de execución.

- Coordinador de seguridade e saúde: cando na execución da obra interveña mais dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos, o promotor, antes do inicio dos traballos ou tan pronto como se constate dita circunstancia, designará un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.

- En aplicación do artigo 17 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia (Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro) dispórase xunto á obra un cartel indicador de dimensións 0,50x0,50 m. Na esquina esquerda figurará o escudo municipal e a continuación leerase “CONCELLO DE FISTERRA” e debaixo desta lenda “LICENZAS URBANISTICAS”. Baixo de encabezado figurarán os seguintes datos:

- o EXPEDIENTE: 7/201
- o CLASIFICACIÓN DO SOLO:
- o ORDENANZA:
- o USO:
- o NÚMERO DE PRANTAS:

- o **CONCESIÓN:**
- o **ÓRGANO:**
- o **PRAZO DE EXECUCIÓN:**
- o **DIRECTOR DE OBRA:**
- o **DIRECTOR DE EXECUCIÓN:**
- o **CONTRATISTA:**

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de dous mil seiscentos noventa e seis euros con oitenta e seis céntimos (2.696,86 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais municipais.

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de M.O.A.P, veciña de Fisterra con DNI 76.346.640-A, (RE 2.942 de 16/09/2016) para a realización de obras consistentes na colocación de tubería exterior para saída de fumes nunha vivenda unifamiliar sita na Rúa Real (Parcela Catastral 8606505MH7580N0001FT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 2 de Novembro de 2016, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de M.J.C.I, veciña de Fisterra con DNI 32.792.478-K, (RE 3.484 de 3/11/2016) para a realización de obras consistentes na reparación da fachada dunha vivenda unifamiliar sita na citada localidade, (Parcela Catastral 15038A032002160000FP),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Novembro de 2016, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de J.J.I.I., veciño de Fisterra con DNI 32.784.454-R, (RE 3.052 de 26/09/2016), para a realización de obras consistentes na substitución de fiestra actual por porta balconera de PVC, nunha vivenda unifamiliar (Parcela Catastral 8315406MH7581N0001RX),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Novembro de 2016, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de R.R.R., veciño de Fisterra con DNI 46.915.359-M (RE 3.506 de 4/11/2016), para a realización de obras consistentes na reforma da cociña nunha vivenda unifamiliar (Parcela Catastral 8507714MH7580N0001BT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Novembro de 2016, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de M.E.T.T., veciña de Fisterra con DNI 32.403.197-S (RE 3.037 de 23/09/2016), para a realización de obras consistentes na substitución da porta actual por outra nova acristalada (Parcela Catastral 8604404MH7580S0004JH),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 2 de Novembro de 2016, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de J.M.D.S., veciño de Fisterra con DNI 76.361.043-P (RE 2.457 de 2/08/2016), para a realización de obras consistentes na reparación, limpeza e pintado das fachadas con colocación de tella do país na cuberta dunha vivenda unifamiliar, con ocupación da vía pública con andamios, (Parcela Catastral 0845928MH8504N0001FU),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Novembro de 2016, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de J.F.B.M, veciño de Fisterra con DNI 76.357.164-Q (RE 3.519 de 7/11/2016), para a realización de obras consistentes na substitución de fiestras por outras de aluminio branco (3 en fachada principal e unha en fachada lateral) dunha vivenda (Parcela Catastral 8705203MH7580N0003LU),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Novembro de 2016, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de M.P.C.I., veciña de Fisterra con DNI 76.341.297-L, (RE 3.278 de 18/10/2016), para a realización de obras consistentes no lavado e pintado das fachadas, teito da vivenda e muro traseiro, con ocupación de vía pública cinco metros (Parcela Catastral 002303100MH75D0001IQ),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Novembro de 2016, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de J.M.F.B., veciño de Fisterra con DNI 32.410.711-P (RE 3.423 de 28/10/2016), para a realización de obras consistentes na conexión de auga potable con destino a un galpón (Parcela Catastral8405865MH7580S0001QD),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Novembro de 2016, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A conexión coa rede pública farase a cinco metros (5) do eixo da Rúa Potiña na aliñación marcada polas NN.SS de 1996.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de J.R.D., veciña de Fisterra con DNI 76.273.915-G (RE 715 de 14/03/2016), para a realización de obras consistentes no pintado lateral dunha vivenda (Parcela Catastral8607802MH7580N0001RT),

Resultando que unha vez formalizada a acta de comprobación documental polo Departamento de Urbanismo desta Corporación, determínase en informe de data 9 de Novembro de 2016 que a documentación é incompleta, a Xunta de Goberno Local, acorda requerir á promotora para que no prazo de dez días hábiles (10) a contar do seguinte ó do recibo desta comunicación, presente a seguinte documentación:

“Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación e que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra ou da instalación, así como as concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra Administración Pública”.

Así mesmo participaselle que con este requerimento queda paralizado o prazo ó que se refire o Artigo 146.2 párrafo 2º da Lei 2/2016 de data 10/02/2016 do Solo de Galicia para resolver desta Entidade Local .

3º.- Expediente “Obra Saneamento Castro PAS 2015”.-

Visto o Informe valorativo efectuado pola parte da Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación e recollido na reunión efectuada polo órgano encargado da negociación sobre as ofertas presentadas polas Empresas que accederon á licitación convocada para contratación mediante Procedemento Negociado da Obra denominada “ Mellora do Saneamento a Castro - Fisterra “ cun presuposto de execución nun importe Setenta e tres mil cincocentos noventa e nove euros con sete céntimos (73.599,07 €) incluída no Plan de Acción Social da Excmá Diputación Provincial - Anualidade 2015 - publicada no periódico de Bergantiños de data 21 de Xullo de 2016 e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello acreditado no expediente e que a continuación se indican :

EMPRESA	DENOMINACION
1	ABARCO SERCOIN S.L.
2	BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L.
3	CONSTRUCCIONES OGANDO S.L.

Visto o resultado das Referencias Técnicas :

PUNTUACIÓNS PARCIAIS

EMPRESAS	1	2	3
<u>Programa de traballo (cláusula 15.2.A)</u>	<u>4,65</u>	<u>5,6</u>	<u>5,05</u>
<u>Actuación ambiental (cláusula 15.2.B)</u>	<u>4</u>	<u>4,8</u>	<u>4,6</u>
<u>Plan de control de calidade (cláusula 15.2.C)</u>	<u>5</u>	<u>5,3</u>	<u>4,9</u>
<u>Esquema do plan de seguridade e saúde (cláusula 15.2.D)</u>	<u>1,2</u>	<u>1,8</u>	<u>1,8</u>
<u>Porcentaxe de control interno de calidade (cláusula 15.2.E.1)</u>	<u>1</u>	<u>0,5</u>	<u>0,25</u>
<u>Porcentaxe de control externo de calidade (cláusula 15.2.E.2)</u>	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>1</u>
<u>Puntuación total</u>	<u>17,85</u>	<u>20</u>	<u>17,6</u>

Resultando que a Oferta económica formulada pola Empresa Construcciones D. Ogando S.L, non pode terse en conta dado que non manifesta a realidade da mesma, toda vez que a cantidade mais o Imposto sobre o Valor Engadido aplicado nun 21 % non se corresponde co seu resultado final , tendo que ser rechazada.

Considerando que por este motivo, a Empresa mencionada non pode entrar na negociación o ser a Oferta un elemento imprescindible tanto para poder levar a cabo a adxudicación como a execución da Obra en cuestión, resulta o seguinte :

RESULTADO FINAL

<u>EMPRESA</u>	<u>PUNTUACIÓN VALORACIÓN TÉCNICA</u>	<u>PUNTUACIÓN VALORACIÓN ECONÓMICA</u>	<u>TOTAL</u>
1	<u>17,85</u>	<u>0,22</u>	<u>18,07</u>
2	<u>20</u>	<u>0,41</u>	<u>20,41</u>

Á vista dos antecedentes, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes e de conformidade ó previsto na Cláusula 15.4 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares, acorda Convidar ás Empresas admitidas para que nun prazo non superior a 48 horas contados a partir do recibo desta comunicación e a través de correo electrónico ou fax presenten en sobre pechado unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación previstos no Anexo V.II do Prego (Oferta Económica e Plan de Control Interno e Externo) que mellore a inicial ou ben se ratifiquen expresamente nas ofertas xa presentadas,

Esta ratificación que, en todo caso é obrigatoria, deberá facerse por escrito e polos cauces antes mencionados inda que no desexen melloralas, advertíndolle que no caso de non facelo así, as Empresas quedarían excluídas da licitación por preverse así no Prego .-

4º.- Expediente “Obra Parque Municipal San Roque PAS 2015”.-

Unha vez procedido polo órgano encargado da negociación ao examen e apertura das ofertas presentadas polas Empresas que accederon á licitación convocada para contratación mediante Procedemento Negociado da Obra denominada “ Parque Municipal San Roque- Fisterra cun presuposto de execución nun importe Sesenta e catro mil oitocentos trinta e seis euros con vinte e seis céntimos (64.836,26 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Plan de Acción Social da Excma Diputación Provincial - Anualidade 2015 - mediante publicación no periódico de Bergantiños de data 21 de Xullo de 2016 e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello tal e como queda acreditado no expediente :

<u>EMPRESA</u>	<u>DENOMINACION</u>
1	<u>ABACO SERCOIN S.L.</u>
2	<u>BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L.</u>
3	<u>CONSTRUCCIONES OGANDO S.L.</u>
4	<u>XARDIÑERÍA REJA S.L.</u>
5	<u>OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L.</u>

Resultando que se ben queda suficientemente acreditado que todas as Empresas foron admitidas a licitación, **ningunha delas se axustan ás unidades de obra e superficies de elementos** previstos nas Partidas integradas dentro do Proxecto de execución de data Novembro de 2015 que sirveu de base para a licitación.-

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade acorda :

1) Declarar deserta a licitación ante a improcedencia de adxudicación da Obra referida, polas razóns antes expostas.---

2) Notificar dito acordo a os licitadores presentados facéndolles saber que a documentación presentada queda a súa disposición para que poida ser retirada.-

5º.- **Asuntos varios.-**

PLAN PROVINCIAL DO MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016

Á vista do requerimento efectuado por parte da **Unidade de Servizos Técnicos da Excma Diputación Provincial**, sobre subsanación de deficiencias observadas na documentación presentada, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda :

1) Modificar o acordo adoptado por parte desta Xunta en data 14 de Xullo de 2016 dando aprobación a nova Memoria redactada por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación e relativa ó Proxecto de execución da Obra " **Reforzo da Rede de Abastecemento de Auga na Avenid Anchoa - Fisterra** " por un importe de Dezanove mil cento oitenta e catro euros con cincuenta e cinco centimos (19.184,55 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido incluída dentro do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016 que consta no expediente e baixo o seguinte desglose :

Diputación	16.512,14 €.-
Concello	2.672,41 €.-
<u>TOTAL</u>	<u>19.184,55 €</u>

Manteránse todos e cantos compromisos foron aceptados por esta Xunta de Goberno.-

CERTIFICACIONES DE OBRAS

Unha vez examinada a **Factura número 01 - 2016 01-2016** de data 11 de **Outubro de 2016** expedida por parte da **Empresa Queiral Obras e Reformas SLU con CIF B70498704** e domicilio social na localidade de O Son, 18 do Termo Municipal de Cee, Código Postal 15270, efectuadas con motivo das Obras de " **Acondicionamento e Revestimento Exterior do Edificio " O Semáforo** " necesarias para o funcionamento da **Concesión Administrativa outorgada a Empresa NCC GALICIA, S.L.** en virtude do acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada polo Pleno en sesión do día 1

de Xullo de 2016 e por un importe de **Vinte e catro mil catrocentos sesenta e nove euros con oitenta e tres céntimos (24.469,83 €)** incluído o Imposto sobre o Valor Engadido,

Resultando que no expediente constan os Informes favorables da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo así como do Secretario-Interventor en canto a súa legalidade e procedencia de pago con cargo as arcas municipais ao tratarse dunha obriga implícita desta Corporación por outorgamento de concesión administrativa,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda prestarlle a súa aprobación en todo o seu contido.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 22:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.